maio - agosto 2016

Carpet diem

ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA
+ PAZ DE LA CALZADA

Carpet diem

ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA
Comisaria da exposición

Carpet diem é un xogo de palabras a partir da locución latina *carpe diem* que Paz de la Calzada nos propón como título da súa exposición na Sala Alterarte. «Aproveita o momento» sempre foi a máxima desta artista, por iso hai trece anos deixou Galicia para se embarcar nun proxecto artístico e vital alén do Atlántico. Dende aquela vive en San Francisco, onde desenvolve unha intensa actividade artística que se move entre o debuxo *site-specific*, a instalación e a arte pública.

As súas últimas propostas son intervencións na contorna urbana onde constrúe labirintos con anacos de alfombras e moquetas recicladas que antes decoraban o chan de casinos e hoteis de luxo. O título *Carpet*[1] *diem* apunta ao novo uso e aproveitamento deste material refugado. Cos labirintos, Paz de la Calzada busca

1. *Carpet* significa alfombra, tapete ou moqueta.

a interacción do público, invitándoo a transitar polos carreiros construídos a base de recortes de alfombras e propoñendo un percorrido alternativo ao trazado urbano. O labirinto, como símbolo ligado ao espiritual e asociado a rituais de iniciación, ofréceselle ao espectador como espazo sacro e protector ou como ferramenta para a meditación.

O proxecto desenvolvido para *Estado Crítico 3* enmárcase nos seus traballos máis recentes, onde mantén o uso de alfombras e moquetas recicladas, pero neste caso os fragmentos desprázanse do chan á parede para compoñer murais que recuperan a fascinación da artista pola artesanía popular e os padróns xeométricos. Os retallos de alfombra compoñen agora polígonos estrelados que se repiten con regularidade pola superficie do muro.

O motivo escollido para a intervención de Alterarte é unha figura composta de tres módulos, dous deles son debuxados recortando moquetas de diferentes estampados e texturas, e o terceiro é definido polo propio muro da sala. A parede deixa de ser un fondo no que se apoia a figura e é estratexicamente integrado na composición como un todo. Por outra banda, as formas debuxadas provocan na distancia a ilusión visual de tres dimensións, un xogo perceptivo que activa a ambigüidade desprazando o ollo da planitude á tridimensionalidade.

A singularidade da arquitectura da Sala Alterarte, onde a unión da parede e o chan se consuma cunha forma curva, é aproveitada para borrar os límites arquitectónicos e prolongar a peza no pavimento.

Pero máis alá do xogo perceptivo, formal e espacial, á artista interésalle a carga simbólica que encerran os padróns xeométricos. As devanditas formas, organizadas por esquemas compositivos simples -simetría, repetición, proporción- adoitan ser asociadas á harmonía fácil e baleira de sentido; porén, son as formas que alentaron a vontade artística dende as primeiras manifestacións da arte[2], e son, para moitas culturas, formas sagradas que conectan o espírito co universo. A configuración simbólica de padróns xeométricos, labirintos ou mandalas levan esta artista a viaxar polo mundo buscando no deserto americano, na illa de Creta ou na India esas formas vencelladas a ritos máxicos e ao transcendente.

Nunha recente viaxe á India, interesouse pola práctica dos *rangoli*, debuxos de deseños florais ou xeométricos realizados no chan con fariña de arroz, area coloreada ou pétalos de flores. O seu carácter efémero supón unha renovación diaria, un exercicio ritual que invita á concentración e á meditación.

Os *rangoli* son tradicionalmente feitos por mulleres e situados na entrada das vivendas cunha función decorativa pero, sobre todo, simbólica: a de crear un espazo sagrado que atrape as boas enerxías,

2. Cfr. Worringer, W., *Abstracción y naturaleza*, México D.F.: Fondo de Cultura Económica, 1997, p. 65.

invoque a prosperidade e lles dea a benvida aos hóspedes.

Igual ca os *rangoli*, os labirintos e os padróns xeométricos de Paz de la Calzada dispóñense no espazo dándolle a benvida ao visitante. Ambos coinciden na orde, a simetría e a sistematización das súas formas; concordan na precisión e o esmero da súa realización, e, polo seu carácter transitorio, poderían interpretarse como unha metáfora da vida.

En *Carpet diem* observamos a reiteración rítmica dun motivo que, non por casualidade, está baseado no máis sagrado dos números, o número tres. O motivo percorre a sala escorregando polo chan e a parede e producindo un efecto envolvente. A artista busca a conexión da xeometría sagrada co público, chámanos a pisar as formas, a tocar a textura cálida da moqueta, a sentir a enerxía despregada no proceso, a tomar conciencia do aquí e agora; en definitiva, convídanos a vivir o momento.